

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 28 de decembro de 2023, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: **Apertura electrónica dos sobres A, correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificación xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra -Oral, así como a súa entrega ao operador postal. Expte. 2023059720**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 11 de novembro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do **Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificación xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra -Oral, así como a súa entrega ao operador postal. (Expte. 2023059720)**

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 12 de decembro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

Formato3 Servicios De Publicidad Y Marketing, S.A.
GUREAK MARKETING S.L.U
MailTeck, S.A.
Telemail, s.l.
MAILING ANDALUCIA
SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS SA SME
CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

